



**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE XULLO DE 2013**

**LICENZAS**

**RECURSO DE REPOSICION**

**LIC/1338/2012.- ELISA RODEIRO EIRAS e JOSÉ ANTONIO BALBOA RODRÍGUEZ.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 7 de marzo de 2013.

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/886/2013.- JOSE MANUEL GARCIA FRAGA.....LIC/870/2010 ..... 1.500 €**

**3.- Recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 7 de marzo de 2013, relativo á LIC/1338/2012.**

A XGL rexeitou o recurso de reposición.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da memoria das actividades do Plan de Emerxencia e Evacuación na Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.**

O Departamento de Educación en colaboración cos Servizos Básicos de Seguridade vén traballando nos últimos anos na elaboración do Plan de Emerxencia e Evacuación nas Escolas Infantís.

Por isto a XGL aprobou, para operativizar esta necesidade, un proxecto á empresa NORPREVENCIÓN que inclúe:

- Definición e proposta de organización do persoal da Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños para actuar en situacións de emerxencia.
- A elaboración dun documento integrado do plan de emerxencia e evacuación. Manual de autoprotección.
- Elaboración de normas de actuación en caso de emerxencia para persoal do centro. E implantación do Plan de Emerxencia e Evacuación nas escolas infantís.

Este proxecto ten un custo de 453,75 €.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Emprego, Comercio e Turismo, relativa á apertura de procedemento de desafectación do inmovible para a realización de diversas actividades de formación e inserción laboral do departamento de Emprego.**

Detectadas as necesidades de ter uns espazos máis amplos para o desenvolvemento de novos programas do Departamento de Emprego, a XGL aprobou solicitar á Xefatura Territorial da Consellería de Educación a autorización para a desafectación do inmovible do antigo Grupo Escolar de Feáns, sito na parroquia de Villestro.

**6.- Execución de sentenza relativa ao convenio urbanístico para a execución do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto fabril de Brandía.**

Mediante convenio urbanístico de 2008 que tiña por obxecto executar as determinacións do Plan Especial de protección e rehabilitación do conxunto fabril de Brandía realizouse unha alteración da cualificación e destino urbanístico de dúas parcelas propiedade do Concello e da mercantil LORYGAR S.L. A raíz dun recurso resulta unha sentenza anulatoria das actuacións realizadas e que non se poden retrotraer polo que se aprobou a imposibilidade material e legal de retrotraer a situación ó momento anterior ao convenio. Efectuaranse novas valoracións apreizadas polas sentenzas e manterase a situación patrimonial resultante do Convenio urbanístico.

**7.- Dar conta da concesión de subvencións da Deputación da Coruña para o ano 2013 e proposta de reparto das subvencións concedidas para actividades educativas e culturais e para infraestruturas e equipamento cultural.**

Deuse conta á XGL da subvención concedida pola Deputación da Coruña para actividades educativas e culturais, neste caso para a Escola Municipal de Música por un importe de 9.825,54 €, e unha subvención para equipamento do CSC de Santa Marta de 975 €.

## **URXENCIAS**

- 1.- Dáse conta da renuncia do concelleiro Adrián Varela á posibilidade de que o Concello sufragase a súa defensa xudicial.
- 2.- Dáse conta da encomenda de xestión ao Consorcio do asesoramento técnico na concesión de licenzas de terrazas no Casco Histórico, perímezo azul e BIC.
- 3.- Dáse conta do nomeamento de Néstor Valcárcel como director de área de Persoal e Contratación.
- 4.- Dáse conta do reaxuste das cantidades asignadas ao contrato de expedientes sancionadores.
- 5.- Corrección de erros materiais no Plan Especial do Casco Histórico.
- 6.- Dáse conta da addenda que modifica as anualidades do convenio para a remodelación do Mercado de Abastos.
- 7.- Dáse conta da encomenda de xestión ao Consorcio da parte administrativa da xestión do contrato das obras da rúa de San Pedro.